

DOMINGO DE RAMOS

ACTIVIDADES



Pon Verdadeiro ou Falso:

XESÚS FOI A XERUSALÉN A VISITAR Á SÚA FAMILIA	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
XESÚS ENTROU EN XERUSALÉN MONTADO NUN BURRO	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
XERUSALÉN ERA UNHA PEQUENA ALDEA DE ISRAEL	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
HOSANNA ERA O NOME DA AVOA DE XESÚS	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
DAVID ERA UN REI DE ISRAEL	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
AO PASAR XESÚS A XENTE ESTENDÍA NO CHAN RAMOS E MANTOS	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
O MONTE DAS OLIVEIRAS ESTÁ EN XERUSALÉN	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
XERUSALÉN ERA UNHA CIDADE SANTA	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Le o texto e suliña estas palabras:

XERUSALÉN, PROFETA, HOSANNA, DISCÍPULOS, MANTOS, CAMIÑO, SEÑOR, BURRA, XENTE

Cando se aproximaban a Xerusalén e chegaron a Betfagué, ao pé do Monte das Oliveiras, mandou Xesús a dous discípulos, dicíndolles:

Ide á aldea que tendes aí de fronte, e de seguida atoparedes unha burra atada e un burriño con ela; ceibádeos e traédeos. Se alguén vos pregunta algo, respondédeslle que lle fan falta ao Señor, e que de seguida llos mandará de volta.

Isto sucedeu para que se cumprise o que fora dito polo profeta:

Dicídelle á filla de Sión:

Velaí o teu Rei que vén onda ti,
humilde e montado nunha burra,
nun burro, fillo de animal de carga.

Foron os discípulos, e fixeron o que Xesús lles mandara. Trouxeron a burra e mais o burriño, botáronlle enriba os mantos, e Xesús montou. Moita xente estendeu os mantos no camiño; outros cortaron pólas das árbores, e estendéronas tamén no camiño. E a xente que ía diante e mais os que o seguían gritaban:

¡Hosanna ao Fillo de David! ¡Bendito o que vén no nome do Señor! ¡Hosanna nas alturas!

E ao entrar en Xerusalén, toda a cidade conmovida preguntaba:

Quen é este?

A xente respondía:

Este é o profeta Xesús, o de Nazaret de Galilea.

COLOREA



fano ∞ ∞
∞ ∞

Hosanna